

# O PITO CAIRO

Texto de **MARISA NÚÑEZ**

Ilustracións de **HELLE THOMASSEN**

Encadernado en cartóné. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

**O pito cairo** (galego)

ISBN 978-84-95123-85-5. Os contos do trasno.

**El pollito pelado** (castelán)

ISBN 978-84-8464-047-9. Libros para soñar

**O pinto careca** (portugués)



ISBN 978-972-8781-21-7. Livros para sonhar.

*Érase unha vez un pito cairo que andaba polo monte buscando comida e máis fortuna. Un día, escaravellando na terra, atopou unha saqueta chea de moedas de ouro...*

“O pito cairo” é un conto popular portugués de estrutura rítmica, repetitiva e circular; axustado ás esixencias da lectura, pero que conserva a frescura da oralidade. No relato sucédense unha serie de acontecementos fantásticos, acumulativos e regresivos.

Ante o descubrimento dunha enorme fortuna, o pito cre que, entregándolle esas riquezas ao rei, gañará a súa simpatía. Como moitos poderosos que non actúan coa xustiza debida e coa xenerosidade agardada, o monarca desta historia resulta ser o perfecto exemplo da avaricia e da mesquindade. Finalmente, todo se resolve grazas á astucia do poliño para burlar o rei e á habilidade doutros personaxes que se cruzaran no seu camiño.

Co seu estilo característico, Helle Thomassen crea un conxunto de ilustracións de trazos pouco definidos que destacan polo colorido, a expresividade e o sentido do humor. As accións transcorren en espazos diversos, enmarcadas ou integradas no texto.



■ **Temática:** a astucia fronte a avaricia.

■ **Idade recomendada:** dende 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** ilustracións coloristas e expresivas; reflexión sobre a avaricia e o egoísmo; animais; poder e xustiza; da autora de “A Ceбра Camila”; da ilustradora de “Once damas atrevidas” (Kalandraka).

## Marisa Núñez

(Sarria, 1961)

Dende hai anos traballa como profesora de Educación Infantil no colexio de Hío, Cangas. É escritora e especialista en animación á lectura.

## Helle Thomassen

(Dinamarca, 1963)

Estudou na Escola Superior de Arte para Teatro, Música e Pintura de Holbaek Slot Ladegard (Dinamarca). Ampliou a súa formación na Escola de Arte e Deseño de Copenhague, onde se especializou en Deseño Gráfico. Dende 1990 traballou nos estudos da produtora de cine AGF (Berlín) facendo animacións e *storyboards*. É debuxante e ilustradora para teatros, xornais, editoriais e series de animación. Participou en diversas exposicións en Barcelona, onde reside.



www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com